| | |
|---|---|
| **31300** | **FOMENTO DE ACTIVIDADES TURÍSTICAS (Medida III da Orde)** |
| | ***Subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais.***<br>***Resolución do 18 de xuño de 2008 (DOG 02/07/2008)*** |
| | **Beneficiarios**<br>-Liñas A e B:Asociacións de empresarios do sector turístico no medio rural,outras asociacións,fundacións e entidades privadas sen ánimo de lucro.<br>- Liña B :Concellos , mancomunidades de concellos,consorcios e entidades dependentes das anteriores con participación maioritaria dos concellos<br>Deben cumprir o requisito de mantemento do emprego xa existente. |
| | **Actividades Subvencionables**<br>Ademais das establecidas con carácter xeral na orde:<br>-Liña A:Creación e desenvolvemento de produtos turísticos innovadores e diferenciados especialmente os de xestión conxunta de servizos para desenvolvemento de oferta combinada coma deseño e posta en marcha de rutas agroalimentarias ou outras rutas,paquetes turísticos. Accións de promoción e comercialización de produtos e servizos turísticos que aproveiten as avantaxes das TIC.<br>-Liña B:Creación de infraestructuras turísticas de pequena escala dirixidas á información,atención e recepción dos visitantes,recuperación do uso bebible de augas mineromediciñais,rutas de sendeirismo así como a adecuación ,acondicionamento e/ou equipamento de espazos naturais con fins recreativos ou turísticos.<br>Ter en conta as restriccións sectoriais indicadas no epígrafe III do Anexo I da Resolución.<br>Conceptos subvencionables: investimentos en adquisición, construción ou mellora de inmobles, adquisición de terreos co límite do 10% do investimento, adquisición de edificacións co límite do 25%, equipamento e material e gastos xerais asociados aos anteriores co límite do 20%; gastos de diseño, promoción e comercialización de produtos turísticos. |
| | **Axuda**<br>Máximo do 75% dos gastos elixibles no caso de asociacións ,fundacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro e do 65% para os restantes beneficiarios, cun máximo de 200.000€ por proxecto.<br>Os gastos da Liña A ampáranse no réxime de minimis do R (CE) 1998/2006. |
| | **Unidade xestora**<br>Subdirección de Coordinación e Planificación de Desenvolvemento Rural |